



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 8 DE MAIO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA
--

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día oito de maio dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE ABRIL DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 28 DE ABRIL DE 2014.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA, PARA CONCENTRAR AOS XUÍCES NAS CAPITALS PROVINCIAIS A CREAR TRIBUNALS DE INSTANCIA.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á SOLICITUDE DUN POSTO PRINCIPAL DA GARDA CIVIL PARA A ESTRADA.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURAL E DEPORTES, RELATIVO Á ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

6º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 31-03-2014, RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O

CONFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE FEBREIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 31 DE MARZO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE ABRIL DE 2014.

Sr. Alcalde.- ...e a todos i benvidos a sesión ordinaria do Pleno acordada para o día 8 de maio. Sesión ordinaria que ten a seguinte Orde do Día: dentro da parte resolutoria o primeiro punto é a aprobación da acta correspondente á sesión celebrada o 3 de abril do 2014. ¿Non sei se hai algunha alegación á acta? Pois aprobámola por unanimidade.

Dada conta da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 3 de abril de 2014, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 28 DE ABRIL DE 2014.

Sr. Alcalde.- Segundo punto, aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 28 de abril de 2014 que era a de elección das mesas electorais, queda aprobada por unanimidade.

Dada conta da acta correspondente á sesión plenaria celebrada o 3 de abril de 2014, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas, segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

3º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA, PARA CONCENTRAR AOS XUÍCES NAS CAPITALS PROVINCIAIS A CREAR TRIBUNAIS DE INSTANCIA.

Sr. Alcalde.- Terceiro punto, ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativo á supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais e crear tribunais de instancia. Entendemos i cedemos a palabra ao Grupo Socialista que foi o promotor desta iniciativa, i a partir de aí organizaremos o debate. Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Gracias señor Alcalde. Ben, en efecto traemos i vémonos na obriga de debatir unha vez máis nesta Corporación municipal o tema da supresión, da anunciada supresión por parte do goberno do Estado dos partidos xudiciais existentes.

Como dicimos, agora si, despois de varias veces que trouxemos este debate a este Pleno, dende o 2012 se viña insinuando que se ían a suprimir esos partidos xudiciais i dende o Grupo Socialista alertamos xa dende un comezo i alertamos porque consideramos que os servicios que se prestan desde as oficinas xudiciais así como a través dos rexistros civís, dos xulgados de paz, son uns servicios moi necesarios para a nosa comunidade, entendendo como tal a Estrada, Forcarei e Cerdedo que formamos un partido xudicial, un partido xudicial que ten as súas características especiais, estamos a falar dunha orografía de interior pero tamén de val, estamos a falar de moitos núcleos i moitos quilómetros cadrados de poboación i que dende logo si se leva adiante o que acaba de anunciar o goberno do Estado, que é suprimir os partidos xudiciais i crear un xulgado de instancia nas capitais de provincia, dende logo habría grandes prexudicados a nivel de cidadanía no noso concello i nos concellos que forman parte do noso partido xudicial. Como dicimos, a nosa cidadanía está espallada, ter que desplazarse a Pontevedra a facer xestións, xestións cotidiás, xestións diarias que se poden tramitar nas oficinas xudiciais i para poder, non o esquezamos, así o recolle a nosa constitución, para poder defender i reclamar a tutela efectiva da xustiza deberán desplazarse lonxe.

O goberno do Partido Popular dende que está no Estado, o goberno do Estado, non soamente estableceu as taxas xudiciais senón que tamén estableceu outras medidas restritivas que fan que as persoas desistan de defenderse a través de distintos recursos que a xustiza lles permite. Dende logo si poñemos cada vez máis trabas no camiño o que estamos a facer é alonxar os servicios da cidadanía e impedir en definitiva que todos teñamos esa tutela efectiva que nos iguala, unha tutela que fai que poidamos defender os nosos dereitos e os nosos intereses con todas as garantías, i que, dende logo, o denunciemos, como digo dende que se empezou a insinuar aló polo 2012, i o continuaremos denunciando. I hoxe, dende logo, nos alegra saber que na comisión os partidos que forman parte desta corporación municipal se uniron a esta reivindicación do Grupo Socialista i se chegou a unha serie de acordos, unha serie de acordos que non por xa reclamados en outras ocasións, non por xa reclamados a través dos medios de comunicación deixa de ser importante traelos hoxe aquí i reclamalo, reclamalo i co dereito da defensa dos estradenses i reclamalo dende a unidade, dende o punto de vista común de que todos entendemos que esto dos partidos xudiciais é moi importante para a nosa cidadanía. I nos alegra que dende un comezo nos dicían que éramos uns alarmistas i que esto non se ía a proceder a facer, nos dicían que eso solamente era un anuncio na páxina web i que non se había de fiar, non nos debíamos fiar, pero é que agora estamos no trámite parlamentario para tratar unha modificación dunha Lei, da Lei Orgánica do Poder Xudicial, que fai que esos partidos xudiciais, como digo, se vexan eliminados i que se creen esos tribunais de instancia. Nós non queremos unha mera oficina tramitadora de xeito administrativo, nós queremos que se manteña o acceso á xustiza na cercanía dos nosos cidadáns. Nós, dende logo, non queremos que se nos oblique, que se oblique aos cidadáns da Estrada a desplazarse para poder defender os seus dereitos, senón que queremos que se defenda o seu entorno, porque si lle seguimos restando servicios aos veciños e ás veciñas do rural, non esquezamos que o partido xudicial da Estrada é un partido eminentemente rural coa súa maioría da poboación que vive nas aldeas i nas parroquias, non esquezamos que se continuamos a recortar servicios ao rural xa outros se recortaron primeiro i estamos a conseguir que se despoboe totalmente o noso concello.

Por iso, como dicía, nos alegramos que xa non nos consideren uns alarmistas senón que se una toda a corporación municipal a esta defensa, i aí estaremos os socialistas para tomar todas as medidas que sexan necesarias i facer todas aquelas accións de reivindicación

i de denuncia que se consideren, dando o noso apoio, como non, aos primeiros afectados, os cidadáns, pero tamén, como non, aos traballadores, aos procuradores, funcionarios, avogados, peritos, en definitiva que viven i traballan vinculados aos servicios xudiciais. Dende logo tamén recordando a importancia dos xulgados de paz dos veciños concellos de Forcarei e Cerdedo.

I outros concellos están a facer o mesmo, están a tomar decisións e acordos nas súas corporacións municipais pedindo a defensa dos seus partidos xudiciais, i nós vamos a estar aí tamén, como dixen antes, i xa o estivemos durante estos anos, i agradecemos, como dixen tamén, ese apoio. Pero cremos que hai que facer algo máis, debemos facer todo aquilo que poidamos, todas aquelas accións i contactar con todas aquelas persoas que poidamos para reivindicar que sexa así. Entendemos quel evidentementel como dicial a moción que se nos traslada i ca que chegamos a acordo con respecto ás proposicións que se van a adoptar hoxe aquí. é unha moción que seguramente se vai a adoptar noutros concellos. Sin ir máis lonxe, a comarca do Deza creo que recentemente adoptou un acordo similar, tanto é así que incluso na exposición de motivos se cita o propio concello de Lalín, entendemos que é un erro. Pero como dicimos, fóra de compartir as reivindicacións do resto dos partidos xudiciais defender ante todo como corporación da Estrada o partido xudicial da Estrada, i que non nos metan no barco doutras comarcas como sucedeu recentemente en outros plantexamentos e outros proxectos que xa insinúan que somos comarca de Lalín, non, a Estrada ten partido xudicial propio, os veciños da Estrada i o partido xudicial que formamos con Forcarei e Cerdedo, os seus máis de 30.000 habitantes temos partido xudicial propio, temos características i prioridades propias, carga de traballo suficiente nos xulgados, dispersión que xustifica por si xa nada máis a necesidade de manter esa proximidade destes servicios. I, dende logo, cremos que as distancias i as comunicacións á capital da provincia fan todavía máis cargosa esa supresión que se intenta facer dende o Partido Popular a nivel estatal. Cremos que esa modificación non é a axeitada con respecto á Lei de planta dos partidos xudiciais, cremos, dende logo, que a xustiza si se pode mellorar, mellorar dotándoa de servicios, mellorar dotándoa de persoal, mellorar dotándoa i asistíndoa con novas tecnoloxías para facilitar os expedientes i as súas tramitacións, pero recortar a proximidade dos servicios aos cidadáns non é o camiño. O queremos dicir alto i claro, rexeitamos a supresión do partido xudicial da Estrada e instamos ao goberno do Estado i á Xunta de Galicia na súa defensa a que reclamen que o partido xudicial da Estrada continúe. Por eso, i como dixen ao comezo i reitero hoxe, o Grupo Socialista está contento de que se teña producido esta resolución, esta proposición de acordos se chegue a acordo por unanimidade. Como dicimos, na defensa sempre aí estaremos os socialistas para calquera actuación que se considere máis alá desta declaración institucional.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Bueno, unha vez máis volvemos a debatir unha moción vinculada aos servicios públicos esenciais ao que teñen dereito todos os cidadáns, neste caso o dereito á xustiza. Sobre todo en concellos rurais como pode ser o caso da Estrada, especialmente Forcarei e Cerdedo que xa de por si están perdendo poboación, si lle sacamos servicios cada vez a xente deixará de vivir neles porque fai inviable poder existir. Pero, ademais deso, manter este tipo de servicios como é o servicio prioritario da xustiza, é unha maneira de garantir a democracia, de garantir o estado de dereito neste Estado. Todos os cidadáns teñen dereito a que se lle recoñezan os seus dereitos en igualdade de condicións,

independentemente de onde vivan. Por eso alegrámonos que, unha vez máis, ao tratar a moción vinculada co mantemento do partido xudicial, das moitas mocións que aquí se teñen presentado polos diferentes grupos políticos, que chegáramos a un consenso entre as tres forzas políticas.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños i señora Louzao, moitas grazas pola súa concreción. Eu creo que bueno, pois unha vez máis nestas cuestións de interés xeral creo que coincidimos todos en seguir defendendo, aínda que non opoñéndonos i eu sempre o dixen, creo que nesa posición sempre estivemos ás distintas reformas que hai que cometer nos distintos servicios públicos básicos porque é inevitable, porque si non os dotamos de sostibilidade evidentemente ao final o sistema público quebrará. Non podemos permitírnos, estuvemos a piques de ver esa situación dramática i conseguimos evitala unha vez, i polo tanto debemos de reflexionar sobre o modelo que temos i debemos de reflexionar sobre a sostibilidade do modelo ¿non? Creo que nese aspecto non se nos escapa a nadie de que evidentemente as reformas son necesarias, outra cousa é como se fagan, i neste caso eu creo que por parte dun partido que eu creo que admite perfectamente a discrepancia do debate, como é o Partido Popular, eu discrepo abertamente i creo que o goberno local da Estrada se enfrenta i di "no", claro i alto, á reforma xudicial plantexada polo Ministerio de Xustiza, proposta polo Consello do Poder Xudicial inicialmente nunha reforma que non vén derivada dunha decisión política senón que vén dunha reforma motivada polo propio órgano xudicial pero que, efectivamente, conta co visto bo ou conta coa convivencia do Ministerio de Xustiza, i, polo tanto, unha vez acordado i unha vez iniciado o trámite parlamentario, como non pode ser doutra maneira, conta co rechazo frontal do Partido Popular da Estrada. Nós non cremos que a solución da xustiza sexa crear catro xulgados de instancia en Galicia, non cremos que esa sexa a solución, non cremos que a solución sexa construír novas infraestruturas xudiciais cando temos programadas ou temos feitas xa infraestruturas xudiciais que se adaptan perfectamente á planta que temos na actualidade, a planta xudicial, eso non quere dicir, como xa dixemos desde o primeiro momento, que non poida haber modificacións na distribución das plantas xudiciais. Eu discrepo ca portavoz socialista en relación á planta xudicial da Estrada, eu creo que non somos máis de 30.000 habitantes, somos menos de 27.000 i a Estrada, evidentemente, posiblemente teremos que debater i plantexar unha reforma na que, seguindo sendo cabeceira de comarca i seguindo sendo o centro de prestación de servicios, o fagamos, igual que foi cando foi o debate das emerxencias i a Estrada conseguiu ter un posto preferente en relación a atención ás emerxencias, ou o facemos en outros eidos onde creo que seguimos reforzando o papel predominante que ten que ter o concello da Estrada como cabeceira de comarca i como un dos concellos de máis de 20.000 habitantes do interior de Galicia, donde debemos de seguir mantendo esa posición predominante e seguir fixando cada vez máis, si cabe, servicios de proximidade aos cidadáns ¿non? I por eso eu creo que si se pode abrir o debate da reforma xudicial i evidentemente non creo que se deba abrir, creo que se ten que abrir, igual que se ten que abrir o debate en moitos dos sistemas públicos de prestación de servicios, i temos que velar porque a propia mala configuración desos servicios non faga de feito a súa inviabilidade económica, i aí temos que garantir esa sostenibilidade ¿non? I nesa liña sempre encontrarán a responsabilidade i eu creo de todo o Partido Popular, pero neste caso a proposta non pode ser máis desafortunada ¿non?, no caso de Galicia creo que ademais, i no caso que se plantexa para a solución tanto en Galicia como na provincia de Pontevedra, non se axusta de lonxe ás necesidades porque ao final nadie se lle debe de olvidar, i a veces parece que nos olvidamos un pouco do sentido común i que a

administración foi concebida para dar un servizo público i un servizo ao cidadán ¿non?, i, polo tanto, ese servizo, unha das características fundamentais dese servizo, de que ese servizo sexa efectivo para o cidadán é a súa proximidade, a súa accesibilidade, a súa cercanía. I nese caso pois tanto no eido da xusticia, como no eido sanitario, como no eido educativo, nos pilares básicos da nosa sociedade do benestar, do noso modelo público, pois creo que está unha distribución territorial que pode ser, pois, eu creo que debatible, pero en ningún caso cuestionable neste caso en canto á cercanía desos servizos, i aí lles teño que decir que se encontrarán sempre ca colaboración do Partido Popular da Estrada en traballar nesa dirección i en conseguir consolidar, non prescindir senón consolidar todavía máis esas infraestruturas i esos servizos públicos de cara a mellorar o servizo que lles prestamos aos nosos veciños.

Neste caso, como decía antes, rechazo frontal a esa reforma, non nos gusta en absoluto, discrepamos rotundamente dela, decimos non á reforma xudicial plantexada polo Ministerio de Xusticia i plantexamos un novo escenario de debate donde se analicen as distintas particularidades dos territorios, i donde ao final pois as Comunidades Autónomas, neste caso, estos días tamén vimos de ver un acordo parlamentario onde as forzas políticas pois se unen á hora de poder decidir como vai a ser a distribución en canto en materia de xustiza na nosa comunidade autónoma i eu creo que será i debería de ser así sobre a base da regulación i da lexislación estatal, o Goberno de Galicia i o Parlamento Galego o que teña a última palabra á hora de poder resolver estas cuestións que en Galicia son moi complexas en canto á dispersión xeográfica i en canto ás distancias. Non tería sentido que calquer persona, eu creo que desplazándose desde a Estrada, Pontevedra, seguramente lle dificultaríamos moito moitísimo o seu lexítimo dereito de acceso á xusticia á gran maioría dos estradenses. I polo tanto nesa liña defenderemos ata o final que a reforma se empece a traballar pensando nas persoas ¿non? I ese é o noso obxectivo.

I nesa liña creo que chegamos a un acordo que eu solicitaría, si lles parece ben tamén, que remitamos ademais dos acordos adoptados nesta moción aos concellos que máis ou menos están no noso ámbito que son Cerdedo i Forcarei para que, no ámbito das súas competencias, si lles parece, adopten i se suman tamén a este acordo para defender o partido xudicial da Estrada. Así que si lles parece tamén facemos ou incorporamos esa proposta para que teñan a ben os concellos veciños poder sumarse a ela.

¿Non sei si teñen algunha intervención máis? Pois procedemos á votación desta moción ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Aprobamos por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 10-04-2014 que, literalmente, di:

“O Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia – PSOE da Estrada, en base ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta para a súa consideración e aprobación en Pleno a seguinte MOCIÓN, PARA REXEITAR A SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno ven de anunciar a supresión dos Partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentras ós xuíces nas capitais provinciais e crear Tribunais de instancia. En

Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.

A unha cidadanía espallada no territorio, debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á litixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas ós profesionais da xustiza, funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, ós concellos, e sobre todo ós cidadáns.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora proponse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

O Goberno promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garantira o artigo 24.1 da Constitución Española.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista da Estrada, propón a seguinte Moción para o seu debate no Pleno, e a adopción do seguinte ACORDO:

O Pleno do Concello da Estrada insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do partido xudicial da Estrada”.

Vista a proposición presentada pola Alcaldía-Presidencia con data 29-04-2014, e que se transcribe de seguido:

“O alcalde presidente do Concello de A ESTRADA presenta á consideración do pleno a seguinte Proposición, instando a que a reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a conservación na comarca do Deza dos seus órganos xudiciais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 24 da Constitución consagra o dereito que teñen todas as persoas a obter a tutela xudicial efectiva dos xuíces e tribunais para a defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

Pero o poder xudicial, ademais de garantir o respecto dos dereitos fundamentais de todos, debe mellorar a súa eficiencia e axilidade, o que redundará nun reforzamento da seguridade xurídica e na redución da litixiosidade. Acadar ámbolos dous obxectivos implica necesariamente achegar os servizos de xustiza á cidadanía.

A actual Lei Orgánica do Poder Xudicial foi aprobada en 1985 e ao longo destes practicamente 30 anos sufriu case 40 modificacións. Sen embargo, estas reformas parciais non conseguiron unha adaptación das estruturas da Xustiza á realidade económica, social e xurídica do século XXI.

O pasado 4 de abril o Ministro de Xustiza presentou ante o Consello de Ministros o anteproxecto de Lei Orgánica do Poder Xudicial. O texto deste anteproxecto debe pasar agora os trámites de informe preceptivo que deben emitir o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Consello Fiscal e o Consello de Estado, sen prexuízo doutros ditames ou informes que o goberno puidera requirir. Con posterioridade, o texto, coas modificacións que o goberno considere incluír, será aprobado en Consello de Ministros e iniciárase o trámite parlamentario en Congreso e Senado.

É dicir, polo momento, estamos nunha fase completamente inicial, onde este texto pode experimentar cambios que enriquezan o seu contido.

Neste senso, dende o grupo de goberno do Concello de A ESTRADA entendemos que a irrenunciábel urxencia de acadar un mellor modelo de eficiencia nos servizos de xustiza ten que ser compatible coa cercanía destes mesmos servizos ao cidadá.

Baixo esta premisa, a reforma da L.O.P.X debe ter en conta as características e peculiaridades de territorios e comarcas que, como o Partido Xudicial de Lalín, fan necesaria a existencia de órganos xudiciais competentes independentemente da súa

denominación, so pena de derivar cara unha administración de xustiza máis onerosa para o administrado.

Neste senso, a L.O.P.X debe garantir que, á hora de deseñar a organización territorial xudicial, se establezan órganos xudiciais en lugares distintos das capitais de provincia, sempre baixo a consideración de determinados criterios que así o aconsellen: criterios tales como o volume de poboación existente (aproximadamente 30.000 habitantes conviven nesta comarca), a carga de traballo dos órganos xudiciais actuais ou a distancia coa capital provincial (máis de 60 quilómetros dende a capital da comarca en algúns casos).

Manter na comarca de Tabeirós-Terra de Montes os actuais órganos xudiciais e os Xulgados de Paz contribuirá a manter o reequilibrio territorial na zona e no interior de Galicia ao manter servizos aos cidadáns dunha ampla zona rural e a fixar a poboación vencellada directa e indirectamente ao exercicio das labores xudiciais como funcionarios, avogados, procuradores, peritos, etc.

Pola súa particular idiosincrasia e carácter emprendedor, o Partido Xudicial de A Estrada presenta un importante dinamismo empresarial o que xenera en paralelo unha considerable actividade xudicial, moi superior en litixiosidade a de zonas máis rurais que aínda contando cunha poboación semellante ten menos actividade. Esta actividade xudicial vencellada ao dinamismo empresarial conleva a indispensabilidade duns servizos xudiciais próximos e accesibles a esta destacada masa de actividade emprendedora.

Por todas estas razóns o Concello de A ESTRADA somete á consideración do Pleno a adopción da seguinte

PROPOSICIÓN:

1.- Instar ao Goberno do Estado para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a existencia de órganos xudiciais en territorios distintos ás capitais de provincia, sempre tendo en conta determinados criterios obxectivos, como o volume de poboación, a carga de traballo dos órganos xudiciais existentes ou a distancia coa sede provincial, xa indicados e que se dan na comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

2.- En base aos criterios anteditos, demandar ante o Goberno do Estado que o Partido Xudicial da Estrada conserve os seus actuais órganos administradores de xustiza.

3.- Instar ao Goberno do Estado a que os concellos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes conserven os seus Xulgados de Paz.

4.- Defender unha organización territorial xudicial sobre a base dos partidos xudiciais.

5.- Dar traslado deste Acordo á Xunta de Galicia, ao Colexio Provincial de Avogados e Procuradores de Pontevedra e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

6.- Dirixirse aos colectivos representativos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes para recabar o seu apoio a este Acordo, nominalmente aos avogados, procuradores, Asociación de Empresarios, de Comerciantes, etc.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión de data 02-05-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Instar ao Goberno do Estado para que o texto de reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial garanta a existencia de órganos xudiciais en territorios distintos ás capitais de provincia, sempre tendo en conta determinados criterios obxectivos, como o volume de poboación, a carga de traballo dos órganos xudiciais existentes ou a distancia coa sede provincial, xa indicados e que se dan na comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

2º.- En base aos criterios anteditos, demandar ante o Goberno do Estado que o Partido Xudicial da Estrada conserve os seus actuais órganos administradores de xustiza.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que os concellos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes conserven os seus Xulgados de Paz.

4º.- Defender unha organización territorial xudicial sobre a base dos partidos xudiciais.

5º.- Dar traslado deste Acordo á Xunta de Galicia, ao Colexio Provincial de Avogados e Procuradores de Pontevedra e ao Consello Xeral do Poder Xudicial.

6º.- Dar traslado deste Acordo aos Concellos de Cerdedo e Forcarei para que, se estiman oportuno, se sumen a esta iniciativa.

7º.- Dirixirse aos colectivos representativos da comarca de Tabeirós-Terra de Montes para recabar o seu apoio a este Acordo, nominalmente aos avogados, procuradores, Asociación de Empresarios, de Comerciantes, etc.

4º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á SOLICITUDE DUN POSTO PRINCIPAL DA GARDA CIVIL PARA A ESTRADA.

Sr. Alcalde.- O punto número 4 é o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais relativo á solicitude dun posto principal da Garda Civil para a Estrada. Tamén para a defensa desta moción ten a palabra a señora Louzao, voceira do Partido Socialista.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Gracias novamente señor Alcalde. En efecto, rexistramos no mes de febreiro unha moción a debatir neste Pleno no que dende o Grupo Socialista entendemos que, debemos a nivel de corporación municipal, facer unha solicitude de posto principal da Garda Civil para a Estrada.

Nos medios de comunicación se ten feito referencia a que xa se tiñan iniciado xestións, ben, o certo é que recentemente o Boletín Oficial recoñecía posto principal para a comarca veciña do Deza, i a Estrada sigue sen ter un posto principal, sigue coa mesma dotación de membros do cuartel da Guardia Civil. O partido xudicial da Estrada, como falábamos na moción anterior, como se defendía na moción anterior, é un territorio no que se caracteriza, evidentemente, pola dispersión da poboación, unha densidade de poboación de máis de 50 habitantes por quilómetro cadrado pero moitos quilómetros cadrados de extensión i territorio. Un territorio ademais no que se atopan grandes diferencias entre as zonas urbanas, as zonas rurais, de val ou de interior i montaña. Dende logo, como dicimos, i se recoñeceu recentemente tamén neste concello en palabras do Subdelegado do Goberno cando asistía á Xunta de Seguridade Local, o territorio da Estrada, Forcarei e Cerdedo que conformamos esta comarca, ese territorio supón grandes dificultades para a Garda Civil pola súa extensión. Por eso consideramos dende o Grupo Socialista que a dotación dun posto principal responde neste caso á necesidade de dar resposta unificada á conflitividade que puidera xurdir nestas localidades, como dicimos, nas que se atopan distintas características pero na que a problemática é homoxénea e se requiren polas súas características demográficas, socioeconómicas... pois continua presenza da seguridade para velar

pola seguridade cidadá, i, neste caso concreto, o modelo actual que existe da organización da Garda Civil constituída en unidades territoriais, sendo os postos a unidade territorial básica para a execución dos servicios encomendados correspóndese cun escalafón operativo máis próximo aos cidadáns, pero entendemos que ese posto principal que se pide para a Estrada reforza, vén a reforzar as súas funcións no noso territorio. I, como dixen xa antes, recentemente dende a Xunta de Galicia se incluíu a Estrada na comarca de Lalín e consideramos, dende logo, que eso é un grave erro, un grave erro porque os nosos cidadáns se identifican coa súa propia comarca Tabeirós-Terra de Montes, Forcarei, Cerdedo e a Estrada, un territorio, como dicía, un territorio con necesidades homoxéneas, un territorio coas súas dificultades, coa súa dispersión, pero un territorio que ten máis de 30.000 habitantes no interior de Galicia. I que, polo tanto, solicitar a concesión deste posto principal cando acaba de ser concedido para outras comarcas i publicado recentemente a súa ratificación, cremos que é importante para os nosos veciños e as veciñas que se dote deste posto á Estrada, porque con esa maior presenza no noso territorio podremos velar pola seguridade.

Están aumentando os hurtos, se recoñecía recentamente, i as entradas en vivendas dos veciños e veciñas da nosa comarca, por iso cremos que canto mellor poida ser o servicio que se preste máis ventaxas terá para a cidadanía. Consideramos i agradecemos o apoio que o Partido Popular dou na Comisión a esta iniciativa dos socialistas, lamentamos que non se teña concedido xa, o mesmo que se dixo nos medios de comunicación que se tiñan feito xestións pois que as doutros lados frutifiquen i as de aquí non, pero aí está o noso brazo tendido en positivo a pesares de que algúns digan sempre outra cousa, o noso brazo tendido para velar polos intereses da Estrada, para traballar, para conseguir este posto principal da Garda Civil. I si hai que facer unha solicitude da corporación fagámola, se hai que reunirse con quen sexa pertinente fagámolo, pero os nosos veciños merecen unha calidade nos servicios, i si esta se pode mellorar, i noutros sitios están reforzando i mellorando, dende logo queremos esa mellora tamén para os nosos veciños. Todo sexa pola seguridade i moito máis nestes momentos de dificultade no que, pois desgraciadamente, a situación de crisis económica está levando, como dicía, a un incremento dos hurtos, como se recoñecía na Xunta de Seguridade Local.

Por iso os socialistas traemos esta moción a esta corporación i pedimos hoxe aquí o acordo unánime de toda a corporación, que todos fagamos piña i voto común para pedir, para facer ver ao Ministerio do Interior que a comarca da Estrada tamén ten dereito a que os seus veciños sexan i reciban a protección necesaria que se lle poida dar dende o Estado. Moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, como xa dixen na Comisión, vamos a manter o noso voto, a nosa abstención, non porque estemos en contra da moción nin de porque se dote de maiores efectivos a Guardia Civil no noso concello, senón porque nós defendemos outro tipo de modelo vinculado á seguridade cidadán. I, en todo caso, solicitarlle ao Ministerio de Interior solicitariámoslle a cesión de competencias, por exemplo, entre outras, cousas a competencia en tráfico que tamén ten a súa base operativa en Lalín, para que polo menos o que se recauda vía multas se invirta na mellora da seguridade das nosas vías. Por este motivo imos a votar manter o voto de abstención digo, repito, non porque estemos en contra de que se dote de maiores efectivos o posto da Guardia Civil da Estrada ou incluso se manteña

o seu posto principal, pero si porque reclamamos, avogamos por outro sistema de competencias.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, pois, i señora Louzao. Pois eu creo que o resumeu perfectamente, fixo a xogada perfecta faltoulle o remate, pero o remate vouldo explicar eu, cal é o final de toda esta cuestión claro. Si o seu concello que á parte unha, tanto lle gusta falar del i outra, tanto lle molesta que o seu Alcalde se manifeste, porque é normal que se manifeste porque non lle sale a vostedes da boca a comparación a Estrada con Lalín, teñen un complexo de inferioridade manifestamente irritante ¿non? I lle teño que decir que eu ese complexo de inferioridade non o teño, eu defendo os intereses da Estrada por encima de calquer outros i non me comparo con nadie. Pero lle vou a decir, porque creo que ademais ese resume que vostede fixo foi perfecto, Lalín ten posto principal i a Estrada non ¿por qué?, porque Lalín o pideu cando en Madrid gobernaba o Partido Socialista i na Estrada tamén, e fixo as xestións no ano 2008-2009 para solicitar formalmente o posto principal na Estrada, i eu aínda estou esperando a que vostedes me enseñen cal foi a solicitude que fixo o Partido Socialista para o posto principal da Estrada á parte desta que vamos a acordar hoxe. Entonces o día que me ensinen vostedes cales foron as xestións que fixeron durante o seu goberno en Madrid, gobernando o Partido Socialista en Madrid, gobernando o Partido Socialista na Estrada, i mentras que o Alcalde de Lalín lla xogou por detrás i lle fixo a xogada perfecta para conseguir o posto principal, vostedes estaban pensando en outras cousas i ao final é o que ten, claro cando un está ao que está veñen outros i lle levan o que é de un ¿non? I así, polo tanto, empezaremos a esixirlle, como así lle dixen ao Subdelegado do Goberno na súa visita desta semana, que entendemos que había unha explicación sobre a política que tiña o Ministerio de Interior en canto aos postos principais da Guarda Civil, i entendemos ademais que a excepción fai norma i, polo tanto, A Estrada agora ten eu creo que lexitimidade máis que suficiente para solicitar do propio Ministerio do Interior que estudie a posibilidade de crear ese posto principal no concello da Estrada. Así llo trasladamos personalmente ao Subdelegado do Goberno para que o fixera extensivo ao Delegado, advertirlle do acordo plenario que íbamos a adoptar hoxe i, desde logo, a nosa capacidade de influencia nesta cuestión a utilizaremos para conseguir un obxectivo, que eu creo que é de xusticia ¿non?, i que debemos de pelexar por el, outra cousa e que sexa pois máis fácil ou máis complexo pero é certo que, polo menos, posicionarnos, coller vez, i solicitar i reivindicar esta cuestión para a Estrada, cousa que desgraciadamente non se fixo antes. Si se houbera feito co seu goberno amigo pois ao mellor agora en vez de levalo o concello de Lalín que era gobernado polo PP o houbera levado o concello da Estrada na época do goberno bipartito, pero non foi así i, polo tanto, temos que poñernos a traballar en esta dirección, porque, normalmente, suele pasar este tipo de cuestións que a un acórdanlle as cousas cando está na oposición, cando está no goberno non lle suelen acordar pero acórdanlle despois i encontran a solución a todos os problemas cando pasan a ocupar as bancadas da oposición ¿non? Pero agradecidos desta proposta, nós si que temos a man tendida para negociación, sería moito máis fácil, seguramente, adoptar outro camiño i valorar as cuestións doutra maneira, pero entendemos i nos alegramos de que a ver si esto é o principio dunha longa amizade en materia política nos intereses xerais da Estrada porque ata o de agora o que lles caracteriza a vostedes, desde logo, é estar de lado de quen quere pois arruinar o futuro da Estrada ¿non? I, desde logo, cada vez son máis as comparacións que se lle aproximan a colectivos que estaban moi contentos con vostedes porque lles daban o que pedían, i cada vez se lle relaciona máis a súa vinculación entre ese colectivo en contra

do PXOM i o Partido Socialista, i eso os pon nunha situación evidentemente en contra dos intereses xerais. I me gusta que fagan vostedes este cambio de xogada, aínda que sea solo de maquillaxe, para intentar, como dixó vostede, deixar claro que lle tenden a man ao goberno. Nós seguimos ca man tendida, como desde fai tres anos, i a pena é que nunca encontramos esa resposta por parte da oposición, i a ver si esta estratexia para intentar separarse dese colectivo, que tan pouco lle interesa aparecer xunto con eles i fan todo o necesario para non confluír demasidado as sigras PSOE i as sigras AEDRU, intentan separalas ben, pois neste caso a ver si son quen vostedes de poder conseguir trasladar esa imaxe de unidade ¿non?, que para min, desde logo como lle digo antes, será benvida i que este acordo sexa o inicio dun longo camiño en temas i en cuestións de interés xeral.

¿Algunha cuestión máis? Pois ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Si, ben señor Alcalde fixo vostede unha serie de afirmacións ás que, dende logo, non vamos nin contestar, porque perde vostede todo o seu crédito como responsable i como Presidente desta corporación facendo ese tipo de manifestacións.

Eu non sei si o Alcalde de Lalín xoga por detrás ou non, eso saberao vostede, eu non o sei. Eu non sei si o concello de Lalín iniciou as súas xestións ou non, eu sei as súas declaracións i decía vostede cando se iniciara da man do señor Crespo que as pedían os dous, que iban a Madrid solicitar eso, eu vexo o resultado, está aí, á hemeroteca me remito señor Alcalde, se quere deixolle unha copia dentro dun rato, non hai problema. Entón eu non sei si vostede é consciente ou non é consciente de que a Estrada tuvo lexitimidade sempre, i esta corporación é lexitima aínda que a vostede non lle guste, i vostede dedícase a estar aí, facer afirmacións, predicar o que vostede considera, i cargar saltándose o mínimo respecto contra os dereitos do resto dos membros desta corporación, pero fágao vostede, é cousa súa. Vostede di que non ten complexo, home pois permítame que discrepe, porque vendo as súas manifestacións i como intenta desacreditar unha i outra vez ao resto dos membros da corporación e ao resto dos grupos, dende logo perde vostede toda a súa credibilidade. Pero ben, pode continuar vostede nesa liña, é o que leva facendo tres anos, pode continuar facéndoo alá vostede. Nós troixemos esta proposta aquí igual que troixemos a do partido xudicial i levamos defendendo o partido xudicial moitos anos, cando vostede nos tachaba de esaxerados. Levamos defendendo os intereses dos veciños e veciñas da Estrada cando vostede mira para outro lado i se fai fotos cos seus amigos, cos seus gobernos amigos, para que despois non fagan nada daquelo que se compromete. Igual hai que recordarlle a vostede o Delegado da Xunta vindo aquí a decir que empezaban as expropiacións do paso subterráneo do centro médico do Souto de Veá ¿dónde están señor Alcalde? igual hai que recordarlle a vostede en vísperas da campaña electoral o Conselleiro Hernández vindo aquí a Estrada prometer darlle para adiante a cidade do Moble, i agora resulta que no Plan de Solos Empresariais salimos como comarca de Lalín. Igual vostede é o que busca, igual a vostede lle gusta eso, pero non se esqueza que vostede non é veciño de Lalín, aos veciños de Lalín xa os defende o seu Alcalde que si o fai, cando o ten que facer, vostede o único que fai é calar e consentir. Por tanto se vostede quere defender o posto da Guardia Civil da Estrada aí está a nosa man para facelo, si vostede quere defender o partido xudicial da Estrada aí está a nosa man para facelo, igual que estaba a nosa man para estudar o tema do Plan Xeral i vostede a desbotou i non quixo, i quixo traballar en solitario. Eso é unha decisión súa señor Alcalde, non lle bote as súas culpas aos demais, non bote vostede a súa porquería fóra intentando tachala sobre os demais, i deixe vostede i respecte vostede todos os colectivos que neste

concello da Estrada hai moitos colectivos, respéceteos vostede señor Alcalde. Hoxe vimos aquí para debatir si queremos apoiar ou non esta moción, si o seu grupo de goberno o fixo na Comisión entendemos que o tiñan falado con vostede, pero si vostede quere facer outra cousa é libre, aquí está a nosa proposta pedir i reclamar que o Ministerio dote a Estrada cun posto principal da Garda Civil. Moitas gracias.

Sr. Alcalde.- Moi ben ¿algunha outra intervención señor Magariños? Pois señora Louzao eu que quere que lle diga, vostede pode decir i pode ser o claro exemplo de decir unha cousa i facer exactamente o contrario do que di. A solvencia súa i o que defendeu vostede os intereses da Estrada xa se veu no resultado electoral, i o que os veciños entenden quen é o Partido Socialista ¿non? O Partido Socialista é un partido que... bueno, pois... desde logo non se caracteriza por defender nin os intereses dos seus veciños nin por defender o futuro da prestación de servicios, porque cada vez que goberna deixa os sistemas públicos en bancarota, polo tanto, non hai peor ataque frontal aos servicios públicos que a xestión, desde logo, nefasta como fixeron en Madrid, i como fixeron aquí na Estrada, deixando ao borde da quiebra unha administración que sempre foi solvente ¿non? Polo tanto, leccións está ben escoitalas, a min me gusta escoitar a todo o mundo, pero teño que decir que a verdade é que non aportan moitas cousas en positivo, o señor Espiño ademais que aparece que ten ganas de intervir tamén, creo que sabe perfectamente i leva moitos anos aquí i sabe perfectamente como é esa cuestión, i eu creo ademais, sinceramente llo digo ¿eh?, que hai moitas formas de traballar i hai moitas formas de facer oposición, cada un ten a súa maneira eu, desde logo, aí non me vou a meter, nin se me ocurriría sequera facelo. Creo que é bastante osada vostede en interpretar ou en facer algún tipo de intromisión na maneira que eu teño de levar, ou de decir, ou de defender a posición dun goberno ¿non? Si a vostede non lle gusta i si vostede ten ese... señora Louzao, respecte por favor a intervención dos demais, que eu creo que aínda que diga moitas barbaridades, os demais a veces aínda que temos ganas de contestarlle creo que a respectamos ¿non?, aínda que a veces nos coste de verdade facelo, entón creo que con toda a educación do mundo debería de vostede polo menos aparentar esa educación, i facelo, i mantelo dentro dunha sesión plenaria, creo que está sendo totalmente correcta, así que lle pido por favor que igual que lle deixaron intervir a vostede o faga vostede así.

O que está claro é que eu creo que a defensa desta cuestión, i vostedes o saben perfectamente, foi algo que noutros concellos se iniciou fai moitos anos i vostedes miraban para outro lado pero é que non lle ten que parecer mal, é a realidade, é triste pero é así. I a veces un ten que reconocer os erros i saber que mentras que outros se estaban movendo para conseguir determinadas cousas para os seus concellos vostedes estaban despistados, pasaron despistados moito tempo i non foron quen de centrarse nas cousas que aquel momento entendían que eran importantes. Agora, de repente, descúbrenos na oposición ¿non? I eu si que o digo, nós queremos traballar por ese posto principal, sabemos cales son os nosos hándicaps, sabemos tamén cales son os nosos puntos fortes i, desde logo, o compromiso que está tendo o concello en materia de emerxencias, protección civil e atención ás emerxencias nos concellos limítrofes, implicándonos no servicio sanitario, dándolle un servicio aos concellos da nosa contorna, incluso excedéndonos do límite provincial i pasando aos concellos da provincia da Coruña. Creo que eso nos dá solvencia para poder facer determinadas reclamacións que eu creo que son necesarias ¿non? Pero para eso hai unha estratexia, este goberno a ten, nós estamos traballando xa desde fai tempo en ir conseguindo, en ir posicionando á Estrada de forma consolidada nese mapa de prestación de servicios, cousa que vostedes cuestionaron i criticaron desde o primeiro momento, tamén

hai que decilo. I sempre nos encontramos co seu rechazo frontal a esta estratexia do goberno de intentar cooperar i colaborar con distintas administracións para potenciar os recursos i para poder facer economías de escala que permitan con menos recursos poder seguir mantendo, consolidando, incluso incrementando a prestación dos servicios eu creo nese modelo, eu creo nese modelo, este goberno cre nese modelo i vostedes estiveron sempre en fronte dese modelo.

Polo tanto eu creo que podemos chegar a acordos si vostedes entenden que esa é a vía, posiblemente sexa un referendo ás políticas que leva mantendo este goberno dende fai tres anos i me alegro moito de que vostede agora empece a entender que as administracións debemos de entendernos, non de enfrontarnos. Eu creo que o enfrontamento entre administracións e a crítica i, sobre todo, as comparacións para min son realmente odiosas, i nunca me escoitaría a min compararme con ningún outro concello ou con ningunha outra xestión ¿non? Creo que cada un traballa para os seus i eu non dubido, i lle vou a dicir así de claro, nin que o Alcalde anterior o fixese i me molesta que vostede dubide que o Alcalde actual o faga ¿non? Pero eso xa é a súa estratexia de deixar en cuestión determinados aspectos, i todos conocemos xa cal é a súa estratexia de oposición, ácida i destrutiva, i evidentemente pois baséase no cuestionamento de todos os aspectos, desde o máis fundamental hasta o máis banal ¿non?, i, polo tanto, eu non lle vou a entrar nese tipo de descalificacións, i lle digo que este goberno traballa única e exclusivamente por i para os intereses dos estradenses, as 24 horas do día, outra cousa é que alguén, como xa fixo na campaña electoral, se dedique a cuestionar a integridade personal deste grupo político con determinadas afirmacións que son bastante lamentables, pero xa estamos acostumbrados tamén, xa foi estratexia política na campaña cargar personalmente contra os membros desta candidatura i o está seguindo porque parece que queren entrar vostedes en precampaña i lles gusta esa estratexia, i lles teño que dicir que ojalá sigan por ese camiño porque lle vai a dar o mesmos resultados que lle dou fai tres anos, exactamente os mesmos. Así que sigan por ese camiño intentando desacreditar, insultar i ningunear personalmente aos membros deste goberno que seguramente terán un resultado bastante peor do que tiveron fai tres anos con esa mesma estratexia de insulto, de desgaste i descalificación para intentar animar as súas máis decaídas masas. Pero é así, i desde logo nós temos que con esos bois temos que arar, i non nos queda máis remedio que soportar ese tipo de cuestións que a veces sinceramente a min deixan bastante en mala situación a quen as di, i a persona que debería de ter un certo respecto no ámbito personal polos que compartimos bancada neste Salón de Plenos i donde eu creo que a política debe de presidir o debate político, pero é moi patético i moi lamentable que alguén teña que chegar a facer esa oposición de desgaste, de insulto, de inxuria no ámbito personal, é moi lamentable i moi patético, pero bueno cada un ten o seu estilo, i, desde logo, xa o dixen antes, esa foi a estratexia de tres anos atrás, sigue sendo a estratexia de tres anos despois i os resultados pois ao final ditarán sentencias ¿non? I á xente creo que non lle gusta este tipo de actuacións. Así que volvamos a senda do diálogo, volvamos a senda de negociación, cheguemos a acordos en temas que permitan consolidar a Estrada como ese referente na prestación dos servicios públicos i deixémonos de tanto insulto i tanta política eu creo que nefasta para os intereses dos cidadáns i desde logo barriobaxeira, i que pouco ten que dicir, i que pouco... i ademais que pouco dignifica a actividade política que eu creo que debemos de dignificar todos, i a esa dignificación nos debemos todos os días. Somos representantes públicos i debemos de intentar, aínda que nos coste a veces, manter esas liñas ou esas cotas mínimas de educación que debemos de manter entre todos. Eu pola miña parte o vou a seguir facendo como fixen hasta o de agora, i cada un o fará desde logo pois a maneira que entenda oportuna.

Procedemos a votar polo tanto esta cuestión que creo que ademais se vai a resolver coa unanimidade dos membros, ¿votos en contra? ¿Abstencións? ¿Votos a favor? Abstencións perdón, abstencións do Bloque Nacionalista Galego i votos a favor Partido Socialista i Partido Popular.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta polos votos a favor do PP (10) e PsdeG-PSOE (9), e a abstención do BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 25-02-2014 polo PsdeG-PSOE que se transcribe a continuación:

“O Grupo Municipal do Partido socialista de Galicia – PSOE da Estrada, en base ó disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presente para a súa consideración e aprobación en Pleno a seguinte MOCIÓN, relativa á SOLICITUDE DE UN POSTO PRINCIPAL DA GARDA CIVIL PARA A ESTRADA”,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Estrada, xunto cos concellos de Focarei e Cerdedo conforman o Partido Xudicial da Estrada, constituíndose na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, situada no noroeste da provincia de Pontevedra, limita coa comarca de Santiago polo norte, ao este coa comarca do Deza, polo oeste coas comarcas de Caldas e Pontevedra e ao sur coa comarca do Carballiño.

Este extenso territorio conta cunha densidade de poboación de 51,37 habitantes por quilómetro cadrado, e atópase marcado xeográficamente pola presenza dos ríos Ulla, Umia e Lérez, facéndose importantes as diferenzas que se constitúen entre a altitude das zonas de montaña e os vales fluviais. Ademais, a Capital da Comunidade e a Capital provincial exercen unha importancia influencia sobre o territorio en relación ao momento cidadán e de tránsito. Por esta comarca discorren 3 estradas nacionais con alta densidade de tráfico.

Con respecto á protección dos dereitos e liberdades e á garantía da seguridade cidadá a presenza da Garda Civil resulta indispensable no territorio, garantindo a atención permanente e directa e a resposta inmediata ás necesidades de veciños e veciñas. No actual contexto económico e sociolaboral, son varias as noticias que teñen saído á luz sobre a necesidade de actuación dos efectivos da garda civil na comarca por diferentes motivos.

A organización periférica da Garda Civil constitúese en unidades territoriais, sendo os postos a unidade territorial básica para a execución dos servizos encomendados, correspondéndose co escalafón operativo máis próximo ao cidadán. Atendendo ao nivel do seu mando, organización interna, características da demarcación e potencial de servizo os Postos clasifícanse en Principais, Ordinarios e Auxiliares.

A concepción dun posto principal responde á necesidade de dar unha resposta unificada e adecuada á conflictividade actual e potencial das localidades con predominio urbano, industrial ou turística situadas na demarcación do Corpo da Garda Civil, ou ben en zonas de entidade e problemática homoxénea que o requiren pola súas características demográficas, socioeconómicas, de seguridade cidadá, ou similares, podendo contar con diferentes instalacións para atención ao cidadán, ou similares, podendo contar con diferentes instalacións para atención ao cidadán ou locais.

Tendo coñecemento, pola información difundida nos medios de comunicación, da próxima modificación da estrutura operativa da institución da Garda Civil coa

concesión de Posto Principal para o Concello de Lalín como cabeceira de Comarca do Deza, e atopándose en idéntica situación A Estrada como cabeceira de Comarca de Tabeirós-Terra de Montes, considérase de interese a concesión dun Posto Principal para A Estrada, sendo o interese da concesión o mesmo que na veciña comarca do Deza: a mellora da seguridade en todo o territorio de actuación co conseguinte reforzo que implicaría para todos os postos ubicados en Tabeirós-Terra de Montes.

A presenza da Garda Civil no Concello da Estrada ten sufrido notables cambios ao longo do período democrático. De ser unidade de mando e superior dos postos ubicados en todo os concellos da comarca de Deza e Tabeirós-Terra de Montes (na década dos 80) a ver reducido o seu escalafón operativo. Sendo unha reivindicación, xa plantexada en varias ocasións, a concesión de Posto Principal para A Estrada como cabeceira do Partido Xudicial.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista da Estrada, propón ao Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Solicitar a concesión de Posto Principal da Garda Civil para a Estrada.

2.- Dar traslado deste Acordo ao Director Xeral da Garda Civil e ao Ministerio do Interior.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión de data 02-05-2014.

ACORDAMOS:

1º.- Solicitar a concesión de Posto Principal da Garda Civil para a Estrada.

2º.- Dar traslado deste Acordo ao Director Xeral da Garda Civil e ao Ministerio do Interior.

5º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURAL E DEPORTES, RELATIVO Á ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.

Sr. Alcalde.- Punto número 5, ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes relativo á adhesión ao Convenio de colaboración marco para a xestión compartida de promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago. Ten a palabra o concelleiro de Turismo don Óscar Rancaño.

Sr. Óscar Rancaño do PP.- Moitas gracias. Boas tardes a todos. Pois comenzarei dicindo que o goberno da Estrada ten como fin prioritario procurar o desenvolvemento económico do concello ¿non? Poñendo en práctica accións en distintos sectores, e o turístico está considerado como un dos de maior proxección no futuro inmediato. E tendo en conta que Santiago de Compostela é o principal destino turístico de Galicia, non podemos desprezar a grande oportunidade que supón sumarnos á iniciativa de creación dun Convenio de colaboración co devandito concello e outros do seu ámbito, para a promoción turística conxunta en aras de conseguir pois crear un multidestino turístico atractivo para todos os públicos ao longo de todo o ano. Os concellos deste área de influencia supoñen un marco homoxéneo de atractivo turístico fundamentado no patrimonio etnográfico, cultural, relixioso, gastronómico e natural, sendo a Estrada un dos que neste sentido

maior riqueza de recursos pode achegar. O acordo que se pretende adoptar baixo os parámetros de solidariedade, beneficio común e lealdade para realizar a xestión compartida en materia de promoción turística conxunta dos concellos de a Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces mediante unha encomenda de xestión no concello de Santiago, incluíndo todo o relacionado coa administración, cos aspectos económicos, técnicos ou de servizos de promoción turística compartida e cos seguintes fins: valorar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos xa preexistentes, posibilitar na actual situación de crise económica a promoción turístico-económica dos concellos asinantes mediante unha xestión compartida de actuacións públicas, minimizar os custos socioeconómicos de promoción turística illada, realizar unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente, ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente máis alá dos límites municipais administrativos imperceptibles para o turista e dar unha resposta ás necesidades de promoción turística mediante unha axeitada planificación prevista. Pódese encadrar este Convenio de colaboración na figura dunha encomenda de xestión sen supoñer nunca a cesión de titularidade da competencia do noso concello en materia de turismo. I este Convenio entraría en vigor, de ser aprobado, dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, aínda que se poden dar causas de resolución do mesmo tal e como se recolle na cláusula dez do Convenio.

I esto é todo o que quero expoñer, a súa consideración pois solicitándolles a maior responsabilidade na intención do seu voto para os intereses non sólo da hostelería da Estrada senón de todos os veciños.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Rancaño, moitas gracias pola súa exposición. ¿Algúnha intervención? Ten a palabra señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, antes de comezar coa exposición sobre esta moción gustaríanos felicitar á persona ou ás personas que redactan i se encargan de transcribir as actas, dende logo fan un traballo moi meritorio.

Con respecto ao que estaba dicindo o concelleiro señor Rancaño, con respecto a este Convenio, o puxemos de manifesto na comisión i o vamos a facer tamén aquí, apelando a esa responsabilidade que el mesmo nos pedía vamos a levar adiante a nosa votación, unha votación que, dende logo, vai a estar marcada polas dúbidas que nos plantexa o texto do Convenio, i así o dixemos. Un texto do Convenio que tamén plantexa dúbidas a intervención, unha dúbida que di que na actualidade non existe crédito para facer fronte a este Convenio, ben é certo que se podería facer unha modificación pero o caso é que o máis preocupante é que non sabemos canto nos vai a custar, non existe previsión de cal vai a ser o orzamento de cara os vindeiros anos, se fala como moito de un 20 por cento máis, pero é que non sabemos canto é, non sabemos cantos concellos finalmente se van a acoller a este Convenio ou non, non sabemos se esos 45.000 euros que se cifran de orzamento, cantos vamos a participar, cantos non. Entendemos, e así o dixemos na Comisión, que buscar un xeito de facer máis atractiva a Estrada, de que chegue a máis xente a súa difusión, de poder facilitar o traballo dos sectores implicados no turismo é importante dar apoio dende o goberno municipal, é moi importante. Por iso consideramos e avalamos a creación desas guías que xa se fixeron en etapas anteriores, incluso de páxinas webs, o apoio que se lles dá ás distintas asociacións do comercio, iniciativas que se fan dende o comercio para atraer máis turismo á Estrada. Pero, dende logo, como dicíamos, o texto do Convenio, xa non só en termos económicos, senón que tamén se di que habrá dúas persoas implicadas na comisión mixta

por cada concello, o Concelleiro nos dicía que a Estrada soamente vai a ter unha, entón estamos asinando algo que non é certo. O propio Convenio di que se debe de aprobar xunto con isto un anexo dos medios persoais e materiais que se adicarán á realización deste Convenio, descoñecemos que vai a pasar eso, descoñecemos cal vai a ser o xeito no que se van a promocionar i cales van a ser os elementos que se van a promocionar con respecto ás condicións e ao catálogo de condicións que rexerán a execución deste Convenio, tamén está todavía claramente indefinido i non pechado, non existe nada cerrado, simplemente unha xeneralidade, un punto de vista, de partida que pode ser interesante a negociar i a concretar cos restantes concellos i, dende logo, tamén coa sociedade que se vai a encargar desta xestión. Porque, como dicimos, apelando a esa responsabilidade que se nos pedía, estas vaguedades que quedan, estas lagunas que quedan con respecto a este Convenio vai a facer que o noso grupo municipal se pense o seu voto. Non podemos dar o noso apoio a este Convenio na situación na que se atopa, coincidindo, como xa decía, en que os obxectivos, as intencións poden ser as mellores pero, dende logo, por esa responsabilidade xestionamos os intereses de todos os veciños e veciñas da Estrada, i tamén dende o concello os orzamentos limitados que se poden aplicar.

Claro que é importante apoiar ao sector do turismo, claro que si, pero con concreción, con realidades. Un anexo que se nos presenta para 2014 de partidas económicas i que se descoñece para outros anos. Non se nos concretan exactamente cales van a ser esas funcións de promoción que se van a levar adiante, i como se van a concretar. Cremos que se pode modificar, dende logo, este Convenio, porque aceptar vaguedades que despois poidan traer causa de responsabilidade ou simplemente que non cumpran os obxectivos coas que foron feitas nestes momentos de dificultades debemos de consideralo todos como corporación municipal.

Sr. Alcalde.- Moi ben, moitas gracias señora Louzao. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños do BNG.- Si, como xa mencionei na Comisión, o Convenio presenta certas dúbidas, algunhas delas de redacción non moi afortunada. Como fixen...resaltei na Comisión como era a referencia do artigo 25 que está, si ben despois o informe de Secretaría fai...aclara, fai referencia a un modificado, pero bueno debería facer referencia ao propio Convenio.

Outra cuestión era o dos presupostos, unha redacción pouco afortunada onde se fala de que non se incrementará, non me lembro agora exactamente o porcentaxe de ano a ano presupostos pero claro, non sei si hai unha aportación extraordinaria de calquer outra entidade, ben sexa Europa, ben sexa o Estado ou a propia Xunta. Pois bueno, non cadraría moito cos presupostos. Falando antes de empezar o Pleno co Concelleiro de Turismo aclaraba que bueno, habería...se buscarían mecanismos para adecuar estas posibles achegas ¿non? Pero bueno, que a redacción podía ser un pouquiño máis concreta, máis correcta e traballar un pouquiño máis o Convenio. Algunha das cuestións xa apuntaba a portavoz do Partido Socialista pero como sabemos que é unha vella demanda do sector turístico da Estrada vincularse ao que é Compostela, de aí o nome da asociación "Mar de Compostela", imos dar o noso apoio favorable a este convenio.

Sr. Alcalde.- Moi ben señor Magariños, moitas gracias. ¿Algunha outra intervención? Ten a palabra señor Óscar Rancaño.

Sr. Óscar Rancaño do PP.- Ben, con respecto ao que apuntaba usted señora Louzao, respecto á segunda consideración relativa ao presunto elevado grao de incertidume ¿non? En canto aos custos para o concello, especialmente a partir do segundo ano achacado ao non

saber o número de concellos que formarían parte do Convenio, debo indicar de que o propio Convenio, na Cláusula novena, prevé o seguinte: "os concellos asinantes fixan orzamento conxunto para o exercicio 2014 en 45.000 euros, nos exercicios sucesivos o orzamento conxunto non poderá superar un 20 por cento fixado para o exercicio anterior". Certamente ¿perdón? Ben, nada. Igualmente o anexo do propio Convenio establece a participación económica individual de cada un dos dezaseis concellos, sendo a aportación da Estrada 3.820,05 para o ano 2014, que está concretado realmente o que...¿por qué digo esto?, porque á altura en que nós levamos este asunto ao Pleno podemos asegurar que son dezaseis os membros que van a confirmar este Convenio, e polo tanto as cantidades correspóndense pois ao que lle estou plantexando.

Con respecto ao número de personas que formarían parte da comisión mixta estableceuse que foran dúas personas para que houbera un representante político e un representante técnico ¿eh?, non é obrigado que acudan os dous, pero si polo menos un deles tanto... bueno... pois para defender os aspectos políticos que se consideren oportunos ou para aportarlle ao político no seu momento pois a asesoría pois necesaria desde o punto de vista técnico. Isto pois, con respecto ao catálogo de condicións que usted decía que tamén que estaba sumido na incertidume, certamente o catálogo de condicións non é algo que vaia asociado agora mesmo ao Convenio senón que isto é un Convenio para que os Alcaldes poidan asinar pois un traballo en conxunto, pero o catálogo de condicións está todavía por aprobar, estamos...esto é un proceso en execución e no futuro aprobarase eso, pero cando esté firmado o Convenio, non antes. De feito ese catálogo de condicións teno vostede por error, no sentido que este era un documento interno de estudio que non vai asociado directamente nestes momentos ao Convenio.

Bueno, e o que se pretende pois é desenvolver, iniciar un camiño e desarrollalo pois como mellor poidamos, pero se a Estrada non vai poder formar parte deste grupo de concellos que suman esforzos e sinerxias para desenrolar o sector turístico na Estrada pois estaremos perdendo un tren moi importante. Nada máis.

Sr. Alcalde.- Moi ben, ¿algunha outra intervención? Pois aclaradas as cuestións relativas ao Convenio si lles parece procedemos á votación deste punto número 5 da Orde do Día, que é o ditame da Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes relativo a adhesión ao Convenio de colaboración marco para a xestión compartida de promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago. ¿Votos en contra?, ¿Abstencións?, ¿Votos a favor? Apróbase por maioría absoluta.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta polos votos a favor do PP (10) e BNG (1), e a abstención do PsdeG-PSOE (9), o seguinte ACORDO:

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Turismo de data 14-04-2014, en relación co asunto de referencia.

Visto o Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

Vista a importancia que, dendo o punto de vista do turismo, supón a adhesión ao devandito Convenio para este Concello.

Vistos os obxectivos da colaboración, consistentes en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a promoción turístico-económica dos concellos asinantes.
- Realizar unha promoción turístico-económica de forma eficaz e eficiente.
- Minorar os custos antieconómicos da promoción turística illada.
- Ofrecer unha lectura territorial conxunta e coherente,

máis aló dos límites municipais, imperceptibles para o turista.

- Dar resposata ás necesidades de promoción turística mediante unha axietada planificación previa.
- Valorizar os recursos dispoñibles e optimizar os recursos preexistentes.

Visto o informe da Secretaría Xeral de data 14-04-2014.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal, asinado con data 21-04-2014.

Visto o ditame adoptado pola Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes con data 29-04-2014.

ACORDAMOS :

1º.- Que polo Concello Pleno se aprobe a adhesión ao Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago.

2º.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do devandito Convenio.

Sr. Alcalde.- Antes de pasar á parte de Control da Xestión, non sei se hai algunha moción de urxencia por parte das forzas políticas. Pois se non hai ningunha moción de urxencia pasamos polo tanto ao número 6, que é dación de conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 31 de marzo de 2014, relativo á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

6º.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DO 31-03-2014, RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE TRANSFERENCIA FINALISTA PARA O COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do Acordo adoptado fóra da Orde do Día pola Xunta de Goberno Local en sesión do 31-03-2014, e que se transcribe literalmente de seguido:

“D) *Vista a proposta de data 27-03-2014 achegada pola Concelleira delegada de Benestar Social, en relación co asunto que se detalla de seguido.*

Visto o Diario Oficial de Galicia de data 30-03-2012 (DOG nº 63), no que se publica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Vista a proposta técnica emitida pola responsable técnica do Departamento municipal de Servizos Sociais con data 27-02-2014.

Vista a diversa documentación que se xunta ao expediente.

Vista a fiscalización previa da Intervención municipal, asinada con data 31-03-2014.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes ACORDOS:

1º.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal reguladora no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

2º.- O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral do Anexo V unido ao expediente, é de 603.351,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal: 102.107,00 €

- Mantemento: 800,00 €

- Axuda no Fogar:

** Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 46.400,00 €*

** Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 344.544,00 €*

3º.- Declárase que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.

4º.- Adóptase o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014 na contía de 768.805,16 €, que supón unha porcentaxe de 56,03 € sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º.- Dar conta ao Pleno da Corporación deste Acordo.”

A Corporación queda sabedora.

7º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE FEBREIRO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

Sr. Alcalde.- O punto número 7 é dación de conta das resolucións de Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 28 de febreiro de 2014, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 28 de febreiro de 2014.

A Corporación queda sabedora.

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 31 DE MARZO DE 2014, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS.

Sr. Alcalde.- O punto número 8 é dación de conta das resolucións de Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 31 de marzo de 2014, ámbolos dous incluídos.

Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 3 e o 31 de marzo de 2014.

A Corporación queda sabedora.

9°.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde.- O punto número 9 é o de rogos e preguntas. Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, nos gustaría preguntar hoxe nesta sesión plenaria por unha información que se fixo pública fai xa varios meses, a finais do ano pasado, unha información na que se nos trasladaba á cidadanía que o Alcalde da Estrada se reunía co señor Núñez Feijo, Presidente da Xunta, en calidade de Alcalde para priorizar as aspiracións locais. Unha reunión da que se trasladaba que se poñían enriba da mesa cales eran as prioridades a executar no noso concello, i se lle pedía á Xunta xestionar, é máis, dunha delas mesmo se dixo que xa se tiñan mantido ao respecto en ocasións anteriores reunións con representantes do goberno autonómico. Entón, atendendo a esa información que se facía pública, queremos preguntar hoxe aquí señor Alcalde: ¿pódenos informar de que en que trámite está, en como se atopa a situación, que hai en definitiva da residencia de asistidos que se priorizou a Xunta como actuación na Estrada?

Sr. Alcalde.- Pois eu creo que dos moitos temas que se trataron en esa reunión, ademais de cuestións que eu creo que son de ampla importancia para o noso concello, teño que decir, i así o dixen en máis dunha ocasión tamén publicamente, que me sinto realmente satisfeito da execución i os compromisos adquiridos, tanto no noso programa electoral, tanto por parte do Concello como da Deputación de Pontevedra. Creo que é certo que hai un grado de cumprimento máis que óptimo dos compromisos adquiridos. I tamén é certo que non me encontro ou creo que non estamos satisfeitos co grado de compromiso mostrado por parte da Xunta de Galicia en algunhas cuestións, sobre todo en materia de infraestruturas, i así llo trasladei expresamente ao propio Presidente. Lle dixen que había certas infraestruturas que, pois, estaban mantendo unha serie de retrasos que entendíamos que deberíamos de poñerlle fin dunha vez por todas ás propostas ou ás promesas que durante os últimos anos, pero non sólo estos últimos anos senón durante moitos anos, se levan incumplindo en materia de infraestruturas coa Estrada e quixemos pois priorizar actuacións que para nós en materia de infraestruturas son importantes. Así como en cuestión de emprego, eu me sinto satisfeito, i con esos...co compromiso por parte da Xunta en relación aos dous Obradoiros de Emprego que levamos xestionados, i espero que haxa terceiro, que se resolverá nas próximas semanas. Teño que decir que, en canto a autovía, Cidade do Moble e servicios, infraestructura de servicios sociais a Estrada non está ben dotada. I non está ben dotada i debemos de esforzarnos por establecer unha serie de prioridades i adquirir unha serie de compromisos que se cumplan ¿non? Así llo trasladei, i a resposta, bueno, pois xa sabemos cal é, a min desde logo non me vale pero tamén hai que aceptar que o escenario económico i presupuestario é complexo pero eu creo que chega o momento de que a Estrada teña tamén o seu espacio nos orzamentos da Xunta de Galicia despois de moitos anos non tendo o papel ou a importancia que debería ¿non?, en esos orzamentos. Así que lle trasladei a advertencia i o aviso de que, evidentemente, non estábamos satisfeitos, i que había proxectos nos que deberíamos de traballar de forma conxunta, ben a través dunha iniciativa pública de forma directa ou ben a través dunha iniciativa privada.

No caso da residencia de asistidos a Xunta de Galicia fai bastantes anos que non executa ningunha infraestructura deste tipo de iniciativa pública de xestión directa, i polo tanto o que se trataba era a posibilidade de incorporar o Concello da Estrada, que así o

está, na zona de áreas preferentes á hora de poder conveniar determinado número de camas de centros de día para personas dependentes que foran conveniados a través de cheque asistencial, ou a través do propio convenio cos servizos sociais da Xunta de Galicia para permitir o acceso ás persoas con menos recursos e trasladalo a través dunha iniciativa privada. De feito pois bueno, hai determinadas algunhas iniciativas que mostraron o seu interese inicial i están valorando en algún caso distintas opcións, entendemos que tamén o proxecto é un proxecto ambicioso porque estamos falando dunha infraestrutura que para cubrir as necesidades do noso concello ronda os 6.000.000 de euros de inversión e bueno, pois en esa liña hai algún traballo feito, mantivemos varias reunións i, bueno, de momento non frutificou nada, pero espero que estemos traballando na liña de poder conseguir un escenario máis ou menos certo a consecución dese obxectivo que é para nós importante.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Ben, de todo o que vostede nos acaba de expoñer entón, non me quedou claro, efectivamente vostede nos di que a Xunta non está facendo asistencias deste tipo pero non sei se existe nesas comunicacións que vostede mantivo ou dixo naquel entón manter coa comunidade autónoma se existe algún avance de cara a que eso se poida facer, algunha...que si se concretou algo ou non. I agora me citaba vostede unha inversión privada i xa me perdín, non sei se estamos a falar da mesma que se lle pideu á Xunta, outra distinta, se son proxectos paralelos, si me pode concretar vostede un pouco. É dicir, iniciativa real privada estame vostede dicindo que hai unha sobre a mesa i hai outra paralela pública con diñeiro público, non, e para conveniar a mesma, facer convenio, me perdín un pouco si me pode vostede aclarar o tema por favor.

Sr. Alcalde.- Vamos a ver, iniciativa pública, empecei dicindo que a Xunta fai tempo que non executa ningunha residencia, nin a inversión, nin a xestión de forma directa por iniciativa pública. I, polo tanto, xa nesa mesma reunión, así o trasladou o Presidente, que non hai de momento un escenario a curto prazo donde a Xunta se plantexe ese tipo de inversións. ¿Que inversións se están facendo en relación a residencias de asistidos en Galicia?, moi poucas, as poucas que se están facendo...señor Dono, si quere intervir vostede non se poña detrás da portavoz, interveña vostede cando queira, debatimos o que considere oportuno mentras que...

(Ruído)

Sr. Alcalde.- Mentras que...claro, pero polo menos non interrumpa, polo menos. Deixe si...si claro que si. Bueno home, pois moitas grazas, non sabía eu que dirixía vostede as sesións plenarias pero lle agradezco moito que me permita vostede continuar no uso da miña palabra, o agradezco moito. Pero como lle viña dicindo, os poucos modelos de residencias que se puxeron en marcha nestos últimos anos i non é eu creo que a veces hai cuestión que ao mellor non é conveniente entrar demasiado en detalle, pero non está habendo moitas iniciativas dese nivel porque as residencias digamos consorciadas ou conveniadas non están tendo unha ocupación excesivamente alta sobre todo polas camas de libre...as camas libres que están tendo unha ocupación bastante baixa, bueno pois están contando con problemas para que a iniciativa privada entre en ese tipo de proxectos.

A Xunta non entra nin de momento ten previsión de entrar, foi o que lle dixen ao principio, i polo tanto a única iniciativa que sería viable sería que un proxecto ou unha iniciativa privada tomase corpo no noso concello i a través dos distintos mecanismos que ten a Xunta de Galicia para colaborar ou conveniar, que xa non existen

convenios ca nova Lei de Servicios Sociais, sabe vostede que este tipo de colaboracións entre administración i as residencias para convenio das propias camas o porcentaxe de camas que entran dentro do cheque asistencial ou que entran dentro do propio convenio cos servicios sociais sale a concurso, i polo tanto o que se plantexa é que ten que haber unha iniciativa en firme, i a Estrada está dentro actualmente, está dentro das áreas preferentes por parte da Xunta de Galicia para adxudicar no concurso público a adxudicación de... pois... camas consorciadas ou conveniadas coa Xunta de Galicia para que o usuario pague un porcentaxe da súa pensión i o resto sexa asumido polos servicios sociais da Xunta.

Esa é a día de hoxe a única opción que temos enriba da mesa, i xa dixen que había algunha iniciativa que a iniciativa, o plantexamento que temos é que unha residencia tipo para cumprir ou cubrir o déficit que temos nesa materia na Estrada é aproximadamente de 100 camas, o coste aproximado de inversión rondaría os 6.000.000 de euros i o que hai conseguir é pois eso, alguén que teña pois a idea de facer esa inversión nese proxecto para despois continuar co procedemento correspondente para poder ter un porcentaxe de camas conveniadas coa Xunta de Galicia, que realmente pois é unha cuestión moi interesante para a xente que queira conseguir dar esa inversión.

Sra. Belén Louzao do PSdeG-PSOE.- Polo que percibín da súa última frase da exposición, di vostede que "hai que conseguir que na Estrada haxa quen faga", entonces agora mesmo, sobre a mesa, non temos esa posibilidade, porque, claro, como estaba dicindo que a Estrada estaba en disposición de entrar nesa área prioritaria de camas consorciadas coa Xunta se existe unha iniciativa privada, agora mesmo real non existe.

Sr. Alcalde.- Vamos a ver, hai un mapa que a Xunta de Galicia ten elaborado dentro da Lei de Servicios Sociais, ten elaborado un mapa de prioridades en función das zonas i en función dos servicios que se prestan en cada zona. I lle dixen que nese mapa a Estrada estaba como zona prioritaria, ¿eso que quere dicir?, que no caso de que exista unha iniciativa i solicite o consorcio dun porcentaxe ou convenio dun porcentaxe de camas a través dese convenio ou a través desas axudas que ofrecen os servicios sociais, a Consellería de Traballo e Servicios Sociais, tería prioridade ou preferencia no porcentaxe de camas que estiveran conveniadas coa Xunta, pero para eso ten que haber o proxecto i ten que haber a inversión. Mentras que non exista i mentras que non estén a disposición, as camas evidentemente é moi complexo poder concurrir a ningún concurso público para que se lle poidan adxudicar. Pois moitas gracias, señor Magariños ten vostede a palabra.

Sr. Magariños do BNG.- Si, varios rogos e unha pregunta. Primeiro é, fannos chegar os veciños da rúa Fernando Conde, concretamente bueno dun dos edificios, que diante do seu edificio hai un pequeno bache próximo á beirarrúa, pero bueno fun agora antes de vir ao Pleno a dar unha volta por alí, efectivamente nese primeiro tramo da rúa Fernando Conde hai varios pequenos baches pero están moi próximos á beirarrúa, onde se fixo a canalización do gas creo que é, co cual, cando caen catro gotas se enchen e a molestia para os transeúntes e para os propios veciños de alí, que teñen que estar limpando seguido as súas portas e os seus portales é considerable. Entonces que, bueno, aínda que a rúa está bastante deteriorada, que se reparen estes baches que probablemente sexa extensible a moitas outras rúas, senón se pode reparar o estado lamentable en que están moitos dos viais do casco urbán que polo menos estas zonas máis próximas á beirarrúa que causan importantes molestias sobre todo cando chove a os que circulan, que se reparen.

Outro rogo é que se limpie un verquido incontrolado que hai enfrente ao colexio Lourdes. Un camiño que se mete alí, hacia un monte que hai alí xusto enfrente i está bastante cheo de neumáticos de certo tamaño e algún que outro plástico que hai por alí pero bueno. Aínda que non se ve desde... bueno... descubrimo onte dando un paseo cos alumnos, subín alí ¿non?, que me chamou moito a atención porque a verdade é que foi bastante a mala fé, porque apartaron e deixaron...enfrente ao colexio Lourdes, a pista esta que baixa, que vai salir á estrada de Santiago, hai un camiño que se mete a man dereita, nada máis meterse nese camiño que hai alí monte e alí hai depositados varios neumáticos, que se repare.

E o outro é unha pregunta que é ¿Qué pasa ca recollida de lixo en certas zonas do rural?, concretamente na zona de Veá, que é onde nos trasladan que hai varios contenedores que non se recolleron en varios días, non sei si a día de hoxe se recolleron, onte non porque me reincidiron na queixa de que levaban varios días sen recollese e era bastante evidente.

Sr. Alcalde.- Moi ben, bueno pois gracias señor Magariños. Eu creo que si a Estrada hoxe en día, bueno, si fai tres anos había unha asignatura pendiente, fundamentalmente que era o lamentable estado da rúa Leicures, creo que era a peor calle con diferenza que tiñamos no noso concello, i se fixo un esforzo por resolver as cuestións estruturais que tiña esa rúa, creo que agora coincido con vostede en que a asignatura pendiente que nos queda dentro do entorno urbano da Estrada é a Travesía Fernando Conde, a calle Fernando Conde. Creo que manifestamente mellorable como crítica ao concello o estado de humanización desa rúa, unha das rúas principais de entrada na nosa vila, i como crítica tamén aos veciños o estado de mantemento dos inmobles i dos solares que existen nesa rúa, que fan tamén moi pouco atractiva, xunto co problema que temos, coa iluminación, que é certo que non é unha iluminación atractiva, i cas beirarrúas no estado que están i o pavimento tampouco está en moi boas condicións, é certo que fan que sexa unha rúa moi pouco atractiva. De feito a min si me chegan peticións de veciños sabendo da complexidade da situación actual i do problema orzamentario, porque é unha rúa excesivamente longa ou a rúa máis longa que temos na nosa vila, que, bueno, que a Estrada parece que remata na Plaza da Farola e de alí para abaixo tanto a calle do Muíño como a calle Fernando Conde, bueno, pois están en un estado manifestamente mellorable. Eu recoñezo esas demandas i intentaremos buscarlle na medida do posible solucións que pasarán seguramente por ordenación ao mellor, por actuacións ao mellor máis ambiciosas de reordenación de tráfico, reordenación de aparcamento, valorar distintas opcións que poida haber alí, rematar as beirarrúas cando menos para entroncar cas beirarrúas da carretera da nacional 640, que hai dous tramos no final da rúa que non están enlazados cas beirarrúas da nacional 640. Bueno, en definitiva, é unha actuación moi ambiciosa i moi ampla, pero eu creo que agora mesmo é o punto negro que temos, o máis negro que temos no ámbito urbano. Intentaremos ir atendendo, de feito se bacheou esa rúa fai escasos días, pero bueno, non é a solución i coincido con vostede neste rogo.

En relación á recollida de basuras, eu sempre dixen que tiñamos un problema co servizo de recollida de lixo. O BNG non o quere ver, o BNG manifesta a súa posición e xa culpa á Deputación de Pontevedra dos problemas que nos está causando a recollida da basura cando aínda non é o competente para facer ese servizo, co cual adiántase vostede moito ao que pode ser un servizo que eu creo que dará solución a moitos dos problemas que temos actualmente a nivel estrutural na recollida de lixo da Estrada. Pero é certo que, bueno, en primeiro lugar o estado bastante lamentable dos vehículos, en segundo lugar a non estabilidade do propio personal, porque é certo que temos moito persoal contratado a través de colaboración co INEM, i eso fai que teñan unha rotación i que a veces se produzan certos

problemas porque non hai esa estabilidade, non hai un personal fixo adscrito ao servizo de recollida de basuras. Problemas tamén a veces en canto á cobertura de vacacións fan que, en casos concretos ou puntuales, si quede algunha zona ou algún punto concreto, pero normalmente chamada i comunicación directa de o veciño á Alcaldía i se procura resolver esa cuestión no día ou no día seguinte ¿non? Pode ser algún caso puntual, pero si coincide con vostede totalmente i me alegro que agora empezamos a coincidir nese tema de que o servizo de recollida de basuras é realmente deficitario, e o servizo de recollida de basuras é manifestamente mellorable i que temos que tomar unha decisión en serio i en firme, ou que tiñámola que tomar para resolver unha cuestión que tamén é fundamental, que é un dos servizos básicos que se lle prestan aos veciños. E a nosa decisión no seu momento non contou co apoio do Partido Socialista i do BNG, cousa habitual nos seus posicionamentos, pero si é certo que é unha estratexia i é unha fórmula para intentar resolver un problema que leva enquistado moitos anos, non é un problema de agora, moitos anos leva enquistado, i eu estou convencido que esta decisión nos levará a resolver esta cuestión de maneira definitiva ¿non?. I eso espero i agardo, i ademais espero i agardo que sexa neste ano porque están a piques de rematar os pliegos na Diputación, farán a licitación i o correspondente concurso i esperemos que no mes de outubro-novembro poidamos xa ter en marcha o novo servizo provincial de recollida de lixo i, a partir de aí, a Estrada teña un servizo de calidade, i un servizo realmente meritório i á altura de que os nosos veciños o demandan, que levan moitos anos sen poder contar con el.

¿Algunha outra cuestión? Ten a palabra señor Espiño.

Sr. Espiño do PSdeG-PSOE.- Si, vamos a ver, como membro do Consello Escolar do Colexio de Oca, en representación do Concello, houbo reunión do mesmo o luns pasado, i por parte da representante da ANPA pois se formulaba unha queixa, que no tráfico que hai... bueno pois de Remesar, mesmo de Oca, Loimil hacia o centro médico a situación de facilidade, velocidade polo ancho da calzada i tal pois permite que os coches circulen sobradamente a alta revolución ¿non?

Entón isto representa un perigo para os rapaces que teñen que ir a pé, ou para os mesmos pais que veñen a buscalos ou para o propio transporte escolar. Entonces desde a ANPA, desde o representante da ANPA no Consello Escolar formulaba o rogo para lle trasladar eu aquí a este goberno de colocar unhas bandas sonoras ou algo inhibidor do exceso de velocidade no fronte do colexio de Oca.

Sr. Alcalde.- Moi ben, creo que esa petición está xa sendo estudiada, solicitouse un informe á Policía Local porque, a parte deso, nos solicitaban tamén unha sinalización vertical e horizontal para delimitar o que son a zona de paso dos rapaces nas inmediacións do colexio. Hai un informe da Policía i o que se acordou, en todo caso, i hai unha serie de actuacións pendentes de executar nos centros educativos, é aproveitar o parón destas vacacións para intentar corrixir todos os aspectos ou os que poidamos corrixir en relación aos centros escolares cando finalice o período escolar e inicien o período vacacional, que será aproximadamente nun mes e medio, poder acometer determinadas actuacións.

I unha que temos xa en fase valorada i co informe correspondiente, porque ademais requería informe da Policía, é o tema da colocación deses elementos disuasorios de velocidade i algunha outra sinalización que nos pedía a ANPA i o propio centro.

Moi ben, ¿non sei se hai algunha outra cuestión? Pois antes de rematar o Pleno, dentro do proceso de participación cidadán ¿non sei se algún no público que queira facer algunha intervención? I si non hai ninguén que queira intervir, pois agradecéndolles a súa presenza neste pleno i dándolles... trasladándolle o noso

recoñecemento, a nosa sorte polo inicio da campaña electoral que hoxe vamos a ter lugar aquí na Estrada coa correspondiente pegada de carteles, que teñan sorte i que teñan os éxitos necesarios nesta campaña i nestas eleccións europeas. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas cincuenta e cinco minutos.

A Estrada, 8 de maio de 2014
A SECRETARIA EN FUNCÍONS,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas